

# novas



Esta revista está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

## O traballo terminográfico nun servicio lingüístico: unha aproximación práctica.

O pasado 21 e 28 de xuño tivo lugar na Facultade de xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela o curso "O traballo terminográfico nun servicio lingüístico: unha aproximación práctica" impartido polo profesor Xusto A. Rodríguez Río.

A metodoloxía que empregou durante as 16 horas foi activa e participativa convertendo a todos os participantes en axentes activos con procuras persoais sobre os diferentes casos prácticos traballados.

### ÍNDICE

1. Cuestións previas sobre terminoloxía
2. Materiais terminográficos existentes en galego
  - Fontes de consulta
  - Valoración dos materiais terminográficos galegos
3. Outras fontes documentais útiles para o traballo terminolóxico
4. Etapas do traballo terminográfico puntual

- A formulación do problema de partida
- Identificar claramente o concepto a que se refire a denominación
- Buscar en fontes galegas se existe unha denominación para este concepto
- Avaliar a calidade e as perspectivas de asentamento no uso real da(s) denominación(s) atopada(s)
- Se o resultado da avaliación é negativo, cómpre propor un neoloxismo substitutorio
- Avaliación da proposta neolóxica desde o punto de vista técnico e conceptual
- Almacenaxe e reutilización de propostas de termos

5. A difusión da terminoloxía creada
6. Bibliografía
7. Anexos
  - Os buscadores en Internet como ferramentas para o traballo terminográfico
  - Buscadores na internet
  - A busca de documentación en galego
  - Características dalgúns dos buscadores esenciais no noso traballo

- Referencias (catálogos, bancos de termos, dicionarios...) consultables a través de Internet

- Catálogos bibliográficos
- Corpus documentais en galego
- Páxinas compiladoras de repertorios terminográficos na Internet
- Fontes de termos
  - Bancos multitemáticos e multilingües
  - Bancos ou dicionarios multitemáticos e monolingües
  - Bancos e dicionarios monotemáticos e multilingües
  - Bancos ou dicionarios monotemáticos e monolingües

Pretendíamos que todas/os a/os participantes foran suxeitos activos, con achegas persoais (dabamos gran importancia ás experiencias persoais das persoas e grupos (atendendo á súa procedencia e á bagaxe cultural))

En breve colgaremos o material do curso na nosa páxina web.

## POLA LÍNGUA QUE NOS UNE



Vilafranca do Bierzo, 19 de maio do 2002

A conmemoración do día das letras galegas deste ano, dedicado ó ilustrado Frei Martín Sarmiento, serviu indirectamente para lembrarnos que máis alá das nosas fronteiras administrativas o galego está nunha situación aínda máis precaria cá nosa.

Nos últimos anos os movementos sociais das zonas do galego estremeiro están a reivindicar unha maior presenza da "lingua que nos une", especialmente no ensino, e o seu recoñecemento legal

como lingua oficial. Precisamente o Pedrón de Honra deste ano foi concedido *ex aequo* á Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo, á Mesa prá Defensa do Galego de Asturias e a Xeito Novo e don Felipe Lubián de Zamora, polo seu labor en defensa da lingua e da cultura galegas.

Para apoiar esta xusta demanda na bisbarra do Bierzo, berce de Sarmiento, a Mesa pola Normalización Lingüística, xunto con outros moitos colectivos entre os que estaba a CTNL, organizou o domingo 19 de maio unha xornada na que se combinaban actos reivindicativos e festivos. O programa foi o seguinte: Sobre o mediodía iniciouse o acto cunha concentración na Praza Maior de Vilafranca do Bierzo e a intervención dos representantes dalgúns das entidades convocadoras. Logo Emilio Ínsua fixo unha lectura de textos de Sarmiento e un representante de Fala Ceibe leu o manifesto titulado "Pola lingua que nos une", tamén lema de todos os actos do día.

Para finalizar a xornada da mañá os grupos de música e baile tradicional Brandian e Roquemantroque actuaron na praza e animaron os bercianos e galegos reunidos para o evento.

Tralo xantar, a iso das cinco da tarde, reunímonos de novo na Praza Maior para gozar da segunda parte da xornada, que consistiu nun festival músico-

poético. A vertente estritamente literaria ofrecéronnola algúns membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega (Pilar Pallarés, Xosé Vázquez Pintor, Igor Lúgrís...) e Isaac Alonso Estravís, que asistía en nome da Asociación Galega da Lingua (AGAL).

A parte musical abarcou diferentes estilos, todos coa virtude de facernos dar chimos e aplaudir movidos polo ritmo. A encargada de abrir boca foi **Marisol Manfurada**, que co seu *hip-hop* protesta nos axudou a recordar os motivos que temos para estarmos insatisfeitos e non deixar a loita.

Logo subiron ó escenario os numerosos membros de **Ruxe Ruxe**, que coa súa fresca mestura de folk e rock animaron os asistentes de todas as idades, que non paraban de bailar as diferentes melodías e ritmos. E xa para cerrar a festa sen que decaeran os desexos de boa música, o grupo de rock de **Zénzar** ofreceunos as súas cancións rotundas e vivas.

Cara ás nove da noite saíu de volta o autobús gratuito contratado pola MNL para transportar os galegos que foron, por unha parte, apoiar as reivindicacións bercianas e, por outra, pasar un fermoso día soleado en Vilafranca compartindo coa súa xente aquilo que certamente nos une.

A xornada, aínda que menos concorrida do esperable, xa que un domingo non é o mellor día para reunir as persoas que o día seguinte teñen que traballar e/ou estudar, foi valorada positivamente polas entidades convocadoras. Agarda-

(segue na páx. 2)

### Fé de erratas

As entrevistas do anterior boletín foron realizadas pola xornalista Salomé Sotelo Vázquez, publicadas co título "Apuntamento ao debate sobre a normativa" (páx. 2).

### sumario

- Páx. 2** Recesión sobre o estudio-diagnóstico da situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela
- Páx. 3** Dicionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego  
Concurso - oposición para lingüistas e auxiliares nas audiencias provinciais
- Páx. 4** Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística  
*é-galego*. Curso multimedia de galego
- Páx. 5** Congrès Mundial sobre Politiques Lingüistiques  
Gramática da lingua galega
- Páx. 6** Seminario Internacional "A administración nunha sociedade multilingüe"  
Congreso Internacional de Onomástica Galega  
Frei Martín Sarmiento
- Páx. 7** V Simpósio Internacional de Línguas Europeas i Legislações  
Curso de Iniciación ás Actividades dos Servicios de Normalización
- Páx. 8** Comunicados aos socios



Coordinadora  
de Traballadores e Traballadoras  
de Normalización da Lingua

mos que, se en próximos anos se organizan actos semellantes, reúnan a máis colectivos e sobre todo a máis simpatizantes.

Ademais da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL), principal promotora deste

evento, o resto das entidades convocadoras foron:

- Asociación de Músicos en Defensa da Língua Galega (AMELGA)
- Associação Cultural Alto Minho

- Associação Galega da Língua (AGAL)
- Bienio Irmandiño
- Colectivo Fala Ceibe
- Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Língua (CTNL)

- Fundación Artábria
- Mesa pola Defensa do Galego do Bierzo
- Nova Escola Galega (NEG)

Anxos Sobriño

## IRREGULARIDADES na Convocatoria de Prazas de TNL

O pasado 21 de marzo aparecía publicada no DOG a convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico en normalización lingüística na Universidade da Coruña. O que nun primeiro momento podía parecer unha boa nova, para aqueles que traballamos en normalización lingüística, acabou quedando nunha convocatoria con criterios moi cuestionables.

Imos ver o contido da convocatoria. Na fase de oposición que contaba cun 60% da nota total había tres exercicios: o primeiro, de carácter eliminatorio, consistía en contestar 60 preguntas tipo test nas que só unha será a correcta; o segundo -tamén eliminatorio- sería o desenvolvemento escrito de dous temas de catro que propuxera o tribunal -dun total de 34- e, por último, o terceiro que non era eliminatorio consistiría na tradución sen diccionario de dous textos propostos polo tribunal. É curioso, desde logo, que esta última proba, a única que garante a capacidade do opositor en lingua galega non sexa eliminatoria como as outras dúas. Para efectos prácticos,

isto pode supoñer que alguén que non teña a mínima capacidade para se desenvolver en galego poida aprobar esta oposición (lembrems que o primeiro era un exame tipo test e que o segundo é o desenvolvemento de temas nos que non se di que teña que ser expresado en galego).

A fase de concurso ten aínda máis gravidade. Á parte da excesiva porcentaxe no total da nota -un 40 %- chama moito a atención que o 75% da fase de concurso sexa en recoñecemento dos servizos prestados no SNL da Universidade da Coruña -só nesta Universidade e só neste servizo. No resto da fase de concurso valorábanse cursos recibidos por organismos públicos. Poucas persoas podían ter o 40% da nota final do concurso-oposición por non valorarse experiencia ningunha en SNL de calquera institución, mesmo aínda que sexa das universidades públicas galegas. Con todo isto, o segundo concursante mellor valorado podería ter só un 10 % da nota final -teña o currículo que teña. O agravio é claro e non necesita máis explicacións.

Por todo isto, desde a CTNL denunciámos este tipo de feitos ante a comunidade universitaria da Coruña: sindicatos, equipo rectoral, departamento de galego... e a resposta chegou da man da secretaria de Universidade de CC.OO de Galicia onde nos dicían que subscribían totalmente as nosas críticas.

A convocatoria da praza de técnico en normalización pola UDC é por este motivo unha noticia pésima. No noso país hai postos de traballo que aparecen e desaparecen, convocatorias públicas con nome e apelidos, etc. Isto é un mal que hai que rexeitar da maneira máis enérxica. Esta forma de cubrir postos de traballo na Administración pública non axuda, desde logo, a que sexa a Administración dos cidadáns e para os cidadáns. O que fai, iso si, é afondar en actitudes e hábitos que teñen máis que ver co clientelismo e coa débeda de favores sempre impagados que cunha administración transparente, moderna e libre.

## RECENSIÓN SOBRE O ESTUDIO-DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este traballo realizado polo equipo de investigación de CIDADANÍA, baixo a coordinación de Rosa Muñiz Castro e coa colaboración do Concello de Santiago e da DXPL, supón unha novidade no ámbito dos estudos sociolingüísticos ó contar cunha diagnose de tipo cualitativo baseada nas entrevistas realizadas a representantes dos sectores para analizar, ademais doutra de tipo cuantitativo a partir dos datos do MSG referentes ao Concello de Santiago.

Todo isto a través dunha metodoloxía baseada en dous grupos de traballo, un co DLG e outro operativo, conformado este último por xente dos distintos sectores implicados no proceso, de maneira que a pluralidade é unha das características máis salientables na realización deste estudo. Por medio dunha serie de cadros DAFO específicos para cada sector, esquematízanse as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que deberán ser consideradas para a planificación sociolingüística do concello.

O estudo pretende ser o punto de partida e de contextualización da lingua para definir as futuras liñas de intervención. É, pois, este traballo unha análise sobre a situación en Compostela que permitirá axustar medidas que no campo da normalización lingüística poidan ser asumidas polo concello.

Sínálanse algunhas finalidades e obxectivos, que son fundamentalmente coñecer o nivel de normalización da lingua no concello, detectar os puntos clave sobre os que incidir, identificando os sectores que afectan á extensión do uso do galego, e tamén establecer perfís de utilización da lingua e tentar implicar os axentes que participan nas distintas accións normalizadoras no concello.

Na primeira parte, de contextualización, introducénnos no traballo a realizar e compilanse os datos referidos á cidade de Santiago de Compostela tirados do MSG, así como de fontes de información institucionais e dos escasos estudos realizados a nivel particular, como o de Aldrey Vázquez no libro *Análise da poboación na área de Santiago de Compostela* (1999).

A segunda parte comprende a análise cuantitativa que, a través da comparación cos datos relativos ó resto de Galicia, ofrece índices de lingua inicial, competencias, usos e actitudes, seguidos do uso do galego por ámbitos (esco-

lar, do traballo, dos medios de comunicación e das relacións veciñais). Un resumo de datos do MSG en Santiago, e maila inclusión dunha serie de mapas da cidade dividida por zonas, pecha este apartado.

A terceira parte céntrase na análise cualitativa por sectores.

No da empresa a idea que máis destaca é a asociación inercias do castelán á mobilidade social ascendente así como a identificación do galego coa militancia política, que segue producindo inercias castelanizadoras. Tampouco se perciben vantaxes no emprego do galego nin este sector cre que o tema da lingua lle afecte. A consecuencia disto é a delegación de responsabilidades nas institucións, polo tanto podemos dicir que o que se observa é unha gran desleixo e inconsciencia que quizais encubra moitos prexuízos.

No sector laboral, moi vinculado a este, repítese máis ou menos as mesmas ideas, aínda que non podemos deixar de lado a importancia que o sindicato maioritario (CIG) lle concede á reivindicación da lingua e o uso normalizado que fai desta, o que contrasta coa ambigüidade dos outros sindicatos representativos (UGT, CC.OO).

No sector do ensino, pese a que en xeral non se pode dicir que se cumpran os mínimos das clases en galego, o 80% dos profesores considéranse capacitados para impartilas. Así e todo un dos datos máis salientables é que a aprendizaxe da lecto-escritura se fai maioritariamente en castelán. A explicación a isto pode ser a falta dunha planificación para o ensino que contase coa importancia da dinamización do profesorado e cunha maior coordinación e produtividade dos ENL.

No sector universitario podemos sinalar dous polos opostos: dunha banda as licenciaturas relacionadas coas humanidades, nas que se observa o maior índice de competencia e uso, mentres que noutras como Farmacia e Química se detectan os niveis máis baixos.

No sector da informática destaca a falta de oportunidade económica para a creación, tradución e difusión do *software* en galego debido ó pequeno mercado potencial destes produtos en comparanza co castelán. Tamén o carácter voluntarista da maior parte das iniciativas a prol do galego neste ámbito. Dada a importancia deste sector para a normalización da lingua, quizais debería ser un

dos focos centrais sobre os que actuar.

Dos medios de comunicación salientamos a elevada competencia lingüística dos profesionais do sector, en contraste coa calidade e índice de uso, que non acada o nivel esixible dada a contía económica destinada a este fin.

No tocante á Igrexa as actitudes máis negativas atópanse entre os cregos que responden ó perfil dunha procedencia do ámbito rural e con poucos estudos aínda que tamén hai iniciativas galeguizadoras fóra do ámbito litúrxico.

Inclúe, finalmente, unha avaliación xeral da traxectoria do DLG do Concello.

A xeito de conclusións xerais, as que se derivan deste traballo son que en canto á situación social do galego en Santiago, aínda que esta é a lingua habitual da maioría dos composteláns, compróbase unha progresiva perda de transmisión familiar da lingua, que dá lugar a unha substitución lingüística vexetativa coa redución continua do número de falantes habituais. Malia isto, en comparación con outras cidades como A Coruña ou Pontevedra, Santiago sofre un atraso no proceso de substitución lingüística, debido en parte á súa permeabilidade determinada pola presión dos arredores. En xeral, son os ámbitos máis tradicionais aqueles nos que se manifesta unha maior presenza do galego, mínima nos novos ámbitos como o das tecnoloxías.

En canto ás peculiaridades específicas da cidade como capital de Galicia, detéctanse unha serie de elementos simbólicos a favor do galego, derivados da condición de sede das institucións autonómicas e da relevancia cultural da cidade, na que o galego é a lingua de prestixio.

De todos os xeitos isto leva implícito o perigo de que o galego quede relegado a un uso meramente ritual.



Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais  
Situación da lingua galega  
no Concello de Santiago de Compostela  
(Santiago: Xunta de Galicia, 2001)

Coma no conxunto de Galicia, se ben se dá en xeral un alto nivel de competencia lingüística en canto ás destrezas de lingua e fala, minguan moito as de lecto-escritura.

É polo tanto a xente nova, que entra nunha grande parte en contacto por primeira vez coa lingua a través da escola, a que, aínda que ten un menor dominio da lingua oral, ten estas últimas competencias máis desenvolvidas. A oportunidade que isto ofrece é a posible expansión da lingua en soportes escritos nos que as novas tecnoloxías xogarían un papel fundamental.

No relativo ás actitudes lingüísticas pódese dicir que son moi favorables ó galego, moito máis ca no resto das cidades sobre todo en xeracións máis novas. A boa receptividade da cidadanía cara ás accións normalizadoras complementáanse coa malla social existente de reivindicación do galego.

Como problemas das institucións públicas sinalase a inexistencia de planificación e avaliación da intervención normalizadora así como un mal axuste das actividades formativas ós perfís e intereses dos destinatarios.

A incorporación do galego ás novas tecnoloxías traería consigo dúas vantaxes: a asociación da lingua coa modernidade e a oportu-

nidade que ofrece un ámbito novo para a incorporación do galego, en contraste co que suporía modificar hábitos creados.

Finalmente en canto á actuación do concello, unha filosofía de intervención baseada na planificación, o consenso, a colaboración e a dinamización social ten como alicerce a percepción xeneralizada de que o galego é a lin-

gua de uso público do concello—se ben a utilización real é menor do que se mostra— e maila progresiva asunción da responsabilidade social na normalización lingüística por parte do concello.

Así pois, confiando no aproveitamento e rendibilidade do estudo como ferramenta de traballo poderíamos esperar que sirva

como exemplo e que proxectos deste tipo se multipliquen nun futuro próximo.

Concepción Diéguez Diéguez  
María Pilar López Suárez

## Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego

*¿Por que 'tirarse da moto' se temos, de noso, 'botarse polas pozas'? ¿Por que 'estala buscando' se temos, de noso, 'andar a piar por elas' ou 'andar facendo nelas'?*

Estes exemplos, que aparecen no folleto promocional do traballo de Xosé Antonio Pena, poden valer moi ben para se adentrar nas frebas deste libro.

Como o autor indica, a súa finalidade básica é fornecer distintas e variadas solucións expresivas en galego para dar conta en distintos contextos de uso de frases ou expresións castelás.

De tal xeito, sen desbotar as fontes escritas, moita da fraseoloxía galega que se contén neste diccionario provén da propia fala, feito este que redundará na súa actualidade e, dende logo, no achegamento a moitas expresións usadas de cotío polos nosos mozos. Ademais, os múltiples exemplos que acompañan cada entrada están sempre tirados do uso vivo.

Pola súa banda, o profesor Xesús Ferro Ruibal, no limiar que lle realiza a este 'libro ben desexado', ademais de se fixar nas devanditas características, indica que se trata dun diccionario para recuperar neofalantes. En palabras súas: "O traballo de Pena Romay axuda a percibir a riqueza da lingua galega (...) O galego que temos que recuperar é o

galego enxebre e rico de metáforas que aínda vive na Galicia proletaria, que este libro axuda a coñecer mellor".

Débase isto a ser o presente traballo resultado dun incansable esforzo individual, do que tamén se podería subliñar, dicimos nós, a honestidade intelectual dende a que está elaborado e, dende logo, o seu afán exhaustivo.

Froito do dito son os máis de milleiro e medio de encabezamentos e as case 10.000 expresións e frases feitas en galego que se ofrecen como solucións. A organización e a disposición de todo este material están pensadas de *propio intento* para que o usuario poida acceder de xeito doado e así solucionar as dúbidas que se lle ofrecen.

Daquela o xeito de organizar todo este amplo corpus está pensado segundo criterios funcionais e didácticos. De isto se deriva a estrutura da información. Esta organizase, en cada entrada, a partir dunha palabra chave castelá. A ela séguenlle as expresións neste idioma que a conteñen, a definición ou contextos de uso rexistradas en galego, as equivalencias fraseolóxicas na nosa lingua e, en derradeiro termo, unha abundante casuística de exemplos. No remate da obra aparece, respectivamente, un índice de frases, en castelán e en galego, que fai moi doada a súa consulta.

Non queremos deixar pasar por alto o extremo carácter utilitario desta publicación. Con isto referímonos a que, con ser un moi traballado corpus fraseolóxico, o autor, por veces, quixo superar este ámbito. Isto pode verse nos non infrecuentes casos de emprego incorrecto en galego de formas pronominais do verbo (*mexar por si* e non *mexarse*) ou da achega de solucións galegas para termos do léxico castelán (*ser un alburgueiro*, *ser un cismón*, no canto de *ser un cizañero* ou *ser un cizañoso*).

Todas as características enumeradas son razóns de peso que converten este manual nunha ferramenta novedosa e, dende logo, ben útil para todos os traballadores da lingua e, por certo, para calquera usuario dela. Ademais disto, a súa publicación cobre un baleiro aínda existente nos materiais no noso idioma e supón un salto cualitativo importante con respecto aos traballos cos que xa contabamos.

Podemos dicir así, sen medo a nos trabucar, que a edición deste libro *atina no albo* de cheo. Polo tanto, quen se queira servir del ha comprobar, unha e outra vez, a grande axuda que lle supón este diccionario. *Non hai caso*.

Xoán Carlos Domínguez Alberte



Xosé Antonio Pena,  
**Diccionario Cumio de expresiones e frases feitas castelán-galego**  
(Vigo: Edicións do Cumio, 2001).

## Concurso - oposición para lingüistas e auxiliares nas audiencias provinciais

Durante os últimos oito anos as audiencias provinciais e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia servíronse de "gabinetes de tradución e asesoramento lingüístico" para iniciar de maneira sólida o camiño da normalización lingüística no eido da xustiza. Estes departamentos fóronse creando ó abeiro de diferentes convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e estaban dotados de, polo menos, un lingüista e un auxiliar en cada audiencia. Así e todo, durante este amplo período de tempo estes departamentos non se consolidaron laboralmente como servizos estables.

En *La Voz de Galicia* do día 5 de decembro de 2001 saltou a alarma e a indignación pública co anuncio de que a Administración de xustiza prescindía destes gabinetes sen publicar ningunha convocatoria para cubrir uns postos de traballo necesarios para normalizar o noso idioma no ámbito xudicial. Sen embargo, o coñecemento desta nova provocou a reacción da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais que publicou, ó día seguinte e no mesmo xornal, unha nota de prensa na que desmentía que se fosen suprimir os gabinetes de tradución e na que tamén se anunciaba a convocatoria de doce prazas (cinco para titulados superiores e sete para tradutores-intérpretes) con data do 30 de novembro.

Esta convocatoria non foi publicada no *DOG*, senón só nos taboleiros de anuncios da propia Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e nos das correspondentes delegacións provinciais. O feito de que novas referentes a estes postos saísen dous días seguidos na prensa galega —tamén en *A Nosa Terra*, na semana do 6 de decembro— serviu para darlle relativa publicidade a unha convocatoria escasamente anunciada a través das mínimas canles que permite a lexislación, dado que os postos non son para funcionarios senón para persoal laboral. Esta insuficiente información foi obxecto dun recurso por vía administrativa interposto pola Confederación Intersindical Galega (CIG), que foi desestimado. As bases do concurso-oposición eran para a **cobertura con carácter temporal** de cinco postos de titulado superior (grupo I) e sete de tradutor-intérprete (grupo III), que se repartirán

polas distintas audiencias provinciais, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (A Coruña) e a Dirección Xeral de Xustiza (Santiago de Compostela).

A fase de concurso constou de catro probas para os titulados superiores e cinco para os tradutores-intérpretes. Todas as probas foron eliminatorias. As catro primeiras foron iguais para os dous grupos, aínda que con diferente nivel de dificultade, e realizáronse para os dous grupos nos mesmos días en horas sucesivas. O primeiro exercicio —22 de febreiro de 2002— consistiu nunha proba de lingua galega tipo test, con 50 preguntas, maioritariamente de léxico non específico da linguaxe xurídica. O segundo exercicio —22 de marzo— foi unha proba de dereito baseada no temario correspondente para cada grupo, tamén tipo test, con 50 preguntas para o grupo I e 40 para o III. Nestes dous primeiros exercicios, era requirida a presenza dun opositor para seleccionar ó chou un cuestionario de exame entre tres elaborados previamente polo tribunal.

A terceira proba consistiu nunha tradución dobre: un texto do galego ó castelán e outro na dirección inversa. Para a tradución do galego ó castelán, escolléronse fragmentos da *Lei de dereito civil de Galicia*, que está publicada cunha versión en cadanseu idioma oficial. Isto serviulle ó tribunal para considerar só válida a tradución que coincidise exactamente coa versión oficial publicada. Deste xeito a valoración dos erros cometidos non se rexía por criterios lingüísticos, que son os esperables neste tipo de probas, senón polo índice de adecuación a un orixinal dado. Certamente, o tribunal pediu que as traducións fosen o máis literais posibles, pero isto non xustifica que poida ser igual de punible o "erro" de pór un sinónimo ca unha falta grave de ortografía, morfosintaxe ou léxico. A tradución do castelán ó galego —tamén literal por requirimento do tribunal— consistiu nunha sentenza que, no caso do grupo I, era demasiado longa e estaba pesadamente redactada, aínda que isto poderíamos consideralo parte da súa dificultade comparativamente co exame do grupo III.

O cuarto exercicio foi unha interpretación do castelán ó galego dunha vista oral lida por un membro do tribunal. Os oposito-

res debían facer a interpretación por escrito tras escoitar dúas veces a totalidade do diálogo lido. Esta proba, que pretendía ser a máis práctica de todas, non se axustaba estritamente á realidade cotiá, xa que normalmente non se interpreta unha vista oral ó final de todas as intervencións nin tampouco se fai por escrito. Sen embargo non podemos negar a utilidade que unha proba deste tipo, máis de capacidade de síntese e memoria ca de coñecementos, ten para unha parte do traballo destes gabinetes. A derradeira proba (só para o grupo III) foi un exame de uso do procesador de textos Microsoft Word 2000, que consistía en copiar o máis exactamente posible un texto con varios formatos.

O concurso de méritos, que se fixo público con posterioridade á fase de oposición, seguiu o baremo indicado no anexo III do *III Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia* e tivo en conta méritos debidamente xustificadas referidos ás datas de publicación das bases nos taboleiros de anuncios da consellería e delegacións correspondentes. Este anexo fai referencia á experiencia laboral na mesma categoría (na Xunta, noutras administracións públicas ou en empresas privadas), a cursos de formación realizados con aproveitamento e relacionados coas funcións propias da categoría, a outras titulacións académicas, ó coñecemento acreditado do idioma galego e ó tempo como demandante de emprego. A puntuación desta fase de concurso non podía superar os 20 puntos mentres que a de oposición tiña un límite de 80 puntos. Sen embargo, non houbo opositores que chegasen a ter máis de 10 puntos na fase de concurso.

O tribunal que xulgaba estas probas estivo formado por cargos da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e dous representantes do persoal. Entre os membros do tribunal non había ningún lingüista especialista en lingua galega e/ou española polo que debemos inferir que deberon acudir, segundo di a convocatoria, ó asesoramento de profesionais cualificados para a corrección das probas de tradución e interpretación. Parece probable que esta axuda non foi requirida para a redacción dos exames tipo test, xa que principalmente o primeiro tiña algúns erros de redacción.



## Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística

Nova publicación do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia que compila todos os relatorios presentados no seu día nos IV Encontros para a Normalización Lingüística (Santiago de Compostela, 9 e 10 de novembro de 2000).

Estas actas, caracterizadas pola diversificación dos temas e aspectos tratados, veñen a responder ás demandas dun público tamén cada vez máis diverso, e converteranse sen dúbida nunha útil ferramenta de traballo para todos os técnicos e técnicas que están a traballar nos diferentes servizos de normalización lingüística do noso país.

Grosso modo, malia esta diversidade que acabamos de subliñar, os diferentes relatorios agrúpanse arredor de dous eixos temáti-

cos principais. Nun primeiro grupo estarían aquelas intervencións que se achegan á cuestión da lingua desde a perspectiva da planificación do status, afondando na situación do idioma en diferentes ámbitos sociais, coma a xustiza, a igrexa, a sanidade ou a publicidade.

Nun segundo grupo, cun enfoque máis orientado á planificación do corpus, trátanse cuestións coma a onomástica, a toponimia, a estandarización ou a calidade e xestión lingüísticas.

Como vemos, un amplo abano de posibilidades formativas para todos aqueles interesados/as na sociolingüística galega.

## é-galego. Curso multimedia de galego

<http://e-galego.cesga.es>

As novas tecnoloxías están a producir nos últimos anos un cambio social que se manifesta na consolidación da chamada sociedade da información. Esta era ofrécenos unha serie de novas ferramentas á vez que deixa superadas outras. No eido da aprendizaxe das linguas, supuxo unha revolución de beneficios obvios xa que permitiu acadar doadamente unha serie de recursos didácticos caracterizados pola interactividade e a accesibilidade. Loxicamente as linguas máis fortes e espalladas foron as primeiras en aproveitar estas oportunidades. Pola súa banda o galego intentou progresivamente embarcar nos novos formatos con iniciativas coñecidas por todos como o curso *A palabra herdada* (<http://edu.xunta.es/dxpl/ferramentas/herdada/herdada.htm> ou

[http://galiciadigital.com/EducacionLidioma/curso\\_galego/benvida.html](http://galiciadigital.com/EducacionLidioma/curso_galego/benvida.html)), o do sitio web do Sindicato Interino do Ensino Galego (<http://www.ctv.es/USERS/sieg/siegcursoga11.htm>), etc. A calidade destes produtos foi desigual, moitas veces trabada polas dificultades inherentes ás tarefas baseadas no voluntarismo.

O curso por Internet *é-galego* supón un punto de inflexión nesta orde de cousas coa elaboración dun produto sólido, moderno e eficiente que resulta da colaboración de diversas entidades. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) dirixiu e coordinou o proxecto, que contou co financiamento da Fundación Caixa Galicia e da Consellería de Educación e coa colaboración da Dirección Xeral de I+D. O atractivo interface é obra de Eido Media, empresa que se ocupou do desenvolvemento tecnolóxico e gráfico. Para os contidos lingüísticos, conformouse un equipo dirixido por Xulio C. Sousa, profesor da USC, e integrado ademais por Sonia Varela, M.ª dos Anxos Sobriño e Carme G. Bueno, todas investigadoras do Instituto da Lingua Galega (ILG).

Este novo produto multimedia, absolutamente gratuíto, está dirixido a falantes de español que procuren a consecución dun nivel medio en galego. Con todo, resulta aproveitábel, parcial ou totalmente, para outros colectivos: alumnos dos cursos de galego para estranxeiros, estudantes de Secundaria, portugueses que desexen achegarse á lingua de Galicia... Isto vén favorecido polo feito de que non sexa obrigatorio segui-la orde proposta senón que se pode saltar de unidades e exercicios á vontade.

O curso está estruturado en dez unidades creadas arredor dun determinado nexos comunicativo como, por exemplo: lugares e direccións, comidas e restaurantes, viaxes ou a casa. As unidades levan asociados a cadanseus contidos lingüísticos e funcionais que se traballarán nos exercicios propostos. Estes están divididos en varias seccións: comprensión, expresión, gramática e vocabulario. Algúns inclúen unhas ligazóns moi útiles a modelos de conjugación dos verbos, de pronunciación dos diferentes fonemas ou ás notas de expresión, onde se resolven cuestións sobre o modo, por exemplo, de presentarse, de saudar ou de dar información persoal. Alén disto, as unidades tamén incorporan uns complementos que achegan

diferentes informacións culturais, históricas e xeográficas; un vocabulario galego-español para clarea-lo léxico utilizado; e o imprescindible apoio gramatical, no que se destaca o tratamento da conjugación verbal.

Canto ós exercicios cómpre salienta-la súa variedade e versatilidade, que redundan nun plus de interactividade sen por iso dificultalo uso do curso, caracterizado precisamente pola sinxeleza. Neste senso unhas veces enfrontarémonos a preguntas tipo test, outras teremos que escoller unha opción nun menú despregable ou arrastrádoas desde unha caixa, e outras o alumno terá que compo-las súas propias oracións. O curso permite, trala elaboración de cada exercicio, ve-los erros cometidos e posteriormente optar entre proceder a refacelo ou pedi-la solución. Para as dúbidas que xurdiren, o alumno contará co apoio dun titor en liña da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Entre as novidades máis sobresaíntes, *é-galego* incorpora, integrados nos exercicios, arquivos de audio e vídeo ben adaptados ó medio para impedir esperas demoradas nas descargas e mais para poder repetilos as veces que sexan precisas. Existe a posibilidade de ve-los vídeos con subtítulos, tanto en galego como en castelán.

Respecto da avaliación, o curso inclúe un sistema que lle posibilita ó estudante estar ó tanto da súa evolución. Este consiste na confección de tres tipos de cadros estatísticos que amosan a situación do alumno de modo conxunto (en relación coa totalidade do curso), por categorías (expresión, vocabulario...) ou por unidades.

Un aspecto non tan positivo coma o ton xeral desta crítica reside no feito de que, nos exercicios nos que hai que escribir, só dá unha resposta como válida cando podería haber varias adecuadas. Por exemplo, dará por válido *cincoentos* e non *quiñentos*, *isto* e non *esto* ou unicamente as construcións coa segunda forma do artigo. Igualmente non considerará correcta unha oración polo simple feito de esquecerse de coloca-lo punto e final.

Outro aspecto criticable, que proba a falta de tacto e o interese puramente litúrxico e propagandístico dalgunhas institucións polo galego, estriba en que o CESGA se estea a dirixir en español ós usuarios do curso, sen sequera ter en conta a súa procedencia.

Os creadores de *é-galego* concibírono coa intención de que servise de ferramenta para a adquisición da lingua, non para que se convertese nun medio para acceder a capacitación oficial ningunha. Así e todo, no acto de presentación celebrado o 5 de abril nas instalacións compostelás do CESGA, o conselleiro Celso Currás comentou que se estaba a estudia-la posibilidade de poder entregar algún tipo de diploma trala superación do curso mais esta posibilidade aínda non está desenvolvida.



O curso está accesible no enderezo <http://e-galego.cesga.es>, aínda que podemos chegar a el ademais desde os sitios web da Dirección Xeral de Política Lingüística (<http://edu.xunta.es/dxpl/legalego.htm>) e de Caixa Galicia (<http://www.caixagalicia.es>). Está previsto que nun futuro próximo haxa un hipervínculo tamén no do ILG. Para segui-lo, só se require que o usuario se registre e que dispoña cando menos dun procesador Pentium III ou similar e do sistema operativo Windows 98. Desde os primeiros momentos, gozou dun esperanzador número de visitas, de duración suficiente para poder ser consideradas e cunha participación apreciable de internautas de fóra do estado. Entre estes, os máis numerosos son os provenientes da Arxentina, onde se atopa a coñecida como quinta provincia galega, e mais de Alemaña e Suíza, os dous principais receptores da nosa emigración a Europa. Xa que logo, semella que o curso pode converterse, entre outras funcionalidades, nunha valiosísima ferramenta para a expansión da nosa lingua entre a Galicia da diáspora e, en consecuencia, en elo de unión entre estas comunidades e a patria da que son oriúndas. De por parte, estase a producir tamén un crecente interese desde Xapón.

Non obstante, dado que o acceso á Web dista moito de ser universal, tamén existe unha versión en CD-ROM cunhas prestacións algo inferiores. En concreto, non incorpora a posibilidade de implementa-los cadros avaliativos antes indicados nin de ve-los erros cometidos nos exercicios, posto que amosa a solución directamente.

En conxunto, a nosa valoración sobre este novo instrumento dixital ten que ser forzosamente positiva, polo que nos congratulamos da súa aparición e llelo recomendamos a todos aqueles que se decidan a penetrar polos vieiros da lingua galega. Antes de finalizar, estamos obrigados tamén a dár-lle-la nosa máis sincera noraboa a tódolos que colaboraron en que o suxestivo proxecto que supuña *é-galego* se convertese nunha realidade ó alcance do noso computador.

Moisés Barreiro

# Congrés Mundial sobre Políticas Lingüísticas

## (Barcelona, 16-20 de abril)

A preservación da diversidade lingüística converteuse nestes últimos tempos nun dos principais obxectos de estudo, e preocupación, de políticos, investigadores e lingüistas comprometidos co pleno desenvolvemento das linguas minorizadas. Así, no marco do *Congrés Mundial sobre Políticas Lingüísticas*, o Institut Linguapax, en colaboración coa Generalitat de Catalunya, quixo ofrecerlles a todos os responsables políticos, axentes sociais e estudiosos en xeral desta complexa realidade un foro plural de debate que servise de punto de encontro, e á vez discusión, de todas aquelas cuestións que ameazan a pluralidade lingüística e cultural.

O congreso, que tivo lugar en Barcelona entre os días 16 e 20 do pasado mes de abril, estruturouse arredor de seis conferencias plenarias, comúns para todos os asistentes, e cinco talleres simultáneos que se foron desenvolvendo ó longo de toda a semana.

Polo que respecta á temática, como foro plural que pretendía ser, deu cabida a realidades lingüísticas en principio tan dispares como a situación das linguas indíxenas en Latinoamérica, as linguas nacionais de África, as linguas nativas da India ou o contexto plurilingüe da Unión Europea. Con todo, temas como os efectos sociolingüísticos da globalización, a defensa da diversidade lingüística ou a defensa dos dereitos culturais e lingüísticos como dereitos fundamentais do ser humano, serviron de fios conductores que axudaron a dar coherencia a esta diversidade.

Ó igual cás conferencias plenarias, tamén os talleres simultáneos se caracterizaron pola súa heteroxeneidade. Neles debateuse polo miúdo cuestións coma a planificación da diversidade lingüística nas grandes cidades, as lexislacións lingüísticas e a súa aplicación, os diferentes modelos de planificación lingüística, o papel da sociedade civil nestes procesos de planificación ou a repercusión das novas tecnoloxías no desenvolvemento das linguas.

Nesta ocasión, a nosa representación correu a cargo do profesor Anxo Lorenzo Suárez, da Universidade de Vigo, que analizou o modelo de política e planificación lingüística que se está a levar a cabo en Galicia. Citando textualmente as súas palabras, este modelo quedou definido coma "un modelo de intervención revitalizadora ou de baixa intensidade, que provoca unha política lingüística de escasa densidade e diversificación".

En xeral, despois dunha longa semana de debate e reflexión, podemos concluír que nas sociedades modernas de hoxe, en loita constante cos ás veces devastadores efectos da globalización, cómpren tamén modelos de políticas lingüísticas globais, e non só circunscritos ós seus respectivos estados ou nacións. Chamémoslles linguas nativas, linguas nacionais, linguas indíxenas ou simplemente linguas minorizadas, á fin, unha loita común: promover o respecto ó diferente e garantir o dereito a selo.

Rosario Pérez Magdalena



## Gramática da lingua galega

Neste ano 2002 aqueles interesados no estudo da lingua contamos cunha nova obra fundamental para as nosas bibliotecas: a **Gramática da lingua galega** de Rosario Álvarez e Xosé Xove, máis que reputados lingüistas.

Á hora de achegámonos a esta gramática é recomendable entrar polo Limiar. Aquí explícanos os obxectivos, as fontes e o destinatario, amais de definiren a perspectiva que teñen os autores sobre a investigación lingüística. Seguindo pois sempre o dito polos autores, en primeiro lugar cabe advertir que esta non é unha obra prescritiva, senón descritiva. Son atendidas así as tendencias da lingüística moderna: o especialista non debe *corrixir* senón describir. Mais, aínda sendo este o espírito da obra, tal e como nos advirten no Limiar, a descrición aquí conxúgase nalgúns puntos coa corrección ó marcaren determinadas construcións ou estruturas como non correctas ou de corrección dubidosa.

A gramática que estamos a tratar pretende ofrecer ó público –delimitaremos máis adiante quén é ese público– o coñecemento actual da lingua galega estándar –variante á que case exclusivamente se delimitan. Aínda que o estudo gramatical dunha lingua viva nunca conclúe pola súa propia condición de lingua en uso e polas sempre novas formas de enfocalo traballo lingüístico que aparecen co paso do tempo, o que se pode afirmar é que o coñecemento da gramática galega avanza nos últimos anos. Este avance débese tanto á iniciativa investigadora de seu como ás novas necesidades creadas a partir dos sucesivos cursos universitarios da especialidade de Filoloxía galega. Esta gramática é un proxecto nacido destas dúas situacións. É un proxecto destes autores anque nela –como en todo estudo gramatical– tamén se inclúen as achegas coetáneas dos outros investigadores sobre a materia.

Ó lector deste traballo non lle son alleos o estilo e o léxico dunha obra especializada neste campo. Isto couta moito o posible público polo que, segundo os autores, tentaron eliminar esta dificultade cunha redacción o máis clara posible.

Nós consideramos que para este fin empregaron especialmente o exemplo, mais, aínda así, ó percorrémola parece unha evidencia que o lector esixido pertence a un sector máis ou menos delimitado.

A **Gramática da lingua galega** conta con seis grandes apartados:


- I. Introducción: a lingua galega.
- II. Sons e grafía
- III. A oración
- IV. A frase
- V. Palabras e morfemas
- VI. Formación de palabras

O corpo teórico comeza coa definición e co desenvolvemento dunha serie de termos e problemáticas lingüísticas básicas para a perfecta comprensión do traballo que se ten nas mans: lingua, lingua histórica, a variación lingüística, a creación e o status do estándar, a corrección e a adecuación son en grande medida os obxectos de tratamento neste apartado. Seguirá a descrición propiamente gramatical. O espazo dedicado ás unidades sintácticas neste traballo goza dunha dimensión, ó igual que a profundidade do seu tratamento, máis ampla ca que se atopa en moitas obras similares. Esta é unha das novidades ofrecidas. Outro dos seus méritos é a presentación, naqueles puntos dubidosos á hora de tratalos gramaticalmente, de tódalas teorías que tentan explicalos. Temos daquela diante unha obra rigorosa e completa que nos resolverá moitas das nosas dúbidas máis comúns e, se non aposta por unha teoría determinada, presentaránolas explicacións que circulan sobre esas cuestións escuras da nosa gramática sen evitalas, mostrando unha postura coraxosa.

Remata o traballo cunha Bibliografía e a Relación de Abreviaturas.

A Bibliografía pretende ofrecer ó lector "unha orientación bibliográfica mínima de gramática galega". Esta selección dos autores pódese definir como algo máis ca un punto de partida, xa que é bastante completa. Mais de non seren suficientes estas referencias pódese, a través dos repertorios bibliográficos citados neste apartado, procurar outros títulos.

En toda obra sempre hai algún punto criticable e nesta, por non rompe-la norma tamén o atopamos aínda que non se deba ó contido senón á edición. Consideramos que o tipo de letra elixido non foi moi acertado. Debería ter en conta o edi-



Rosario Álvarez e Xosé Xove.  
**Gramática da lingua galega**  
(Vigo: Galaxia, 2002).

tor que esta é unha ferramenta de traballo, de consulta continua, polo que unha letra tan pequena fai desta necesidade un esforzo insufrible. Fíxense nos cadros e observarán que para poder distingui-los contidos case se debe usar unha lupa.

Como conclusión só faremos fincapé na calidade e claridade dos contidos presentados nesta gramática. Mais desexamos, tal e como nos anuncian os autores, que isto só sexa un paso máis na vía investigadora destes dous especialistas na nosa lingua.

Soralla Domínguez Portela

## Seminario Internacional “A administración nunha sociedade multilingüe” EGAP, 6-7 de xuño

Os días 6 e 7 de xuño tivo lugar o seminario internacional “A administración nunha sociedade multilingüe” na Escola Galega de Administración Pública, sita en Compostela. Un deses congresos que organiza a Xunta, supostamente para formar ó seu corpo de funcionarios. Pero, como todos sabemos, a maior parte das veces parece que o obxectivo non é formar senón deformar.

A primeira vista todo parecía en orde no devandito congreso, a publicidade, o material e incluso as presentacións e os relatorios dos representantes da Administración galega foron en galego. Todo hai que dicilo, un galego nalgúns casos salpicado de “lapsus” en castelán, con moitas interferencias, foneticamente incorrecto, forzado e cunha función puramente anecdótica, pero galego.

A sorpresa veu (non estou segura de que me sorprenda a estas alturas) cando chegou a vez dos relatores estranxeiros (en español e francés). Como bos administradores que son os nosos gobernantes, quixeron aforrar uns cartiños coa interpretación simultánea (traducción simultánea para os que non son do gremio) e, xa que todos os galegos temos por lei a obriga de saber

castelán, decidiron contratar unicamente o servizo de interpretación castelán-francés/francés-castelán. Así que todos aqueles que non entendémo-lo francés tivemos que escoita-lo discurso en castelán. Xa postos, digo eu que puideron darlle a volta e poñer francés-galego/galego-francés, contando con que a inmensa maioría (por non dicir todos) dos asistentes eramos galegos e os relatores de español non parecían ter problemas para entendelos seus compañeiros galegos sen necesidade de conecta-la canle de castelán.

Pero aquí non acaba a historia, a situación chegou ós límites do esperpento na última sesión do congreso cando, instad@s pola organización, @s intérpretes deixaron de interpretar cara ó castelán para interpretar cara ó galego, e por suposto de ámbalas dúas linguas ó francés, supoño que para tentar aplaca-las críticas que durante o congreso recibiu a EGAP por este motivo.

Na miña opinión, un goberno coma o da Xunta que despilfarra os nosos cartos en asuntos menos importantes e a EGAP, que tampouco parece ter problemas de financiamento, non deberían ter problema para paga-lo servizo de interpretación

simultánea de e para as tres linguas oficiais do congreso: galego, castelán e francés. Pero aquí é onde entra a vontade das institucións que nos gobernan por establece-lo galego como lingua de formación e de traballo. Sobre todo, se temos

en conta que este era un seminario que versaba exactamente sobre iso, sobre o papel que desempeñan as linguas minorizadas na administración de territorios

multilingües. Por se non o tiñamos claro, xa sabemos cal é a posición que ocupa a nosa lingua na actual Administración autonómica: no mellor dos casos, unha lingua de protocolo (coma cando o cura daba a misa en latín) pero que non serve para o traballo nin a formación.



Ata aquí a miña visión como asistente ó congreso. Agora, como tradutora e intérprete, teño que dicir que a situación foi moito peor. @s intérpretes, que supoño foron contratad@s para cubri-la combinación lingüística castelán-francés,

víronse obrigad@s a toma-lo discurso orixinal dende o galego no caso dos relatores galegos. A organización deu por sentado que se podían face-la interpretación do español tamén podían dende o galego. Pero, deixando aparte as

posibilidades de cada un@, víronse obrigad@s a facer un traballo extra polo que non lles pagan, favorecendo ademais que non se contraten outros intérpretes para esa función.

Este non é un caso illado, iso pasa na maioría dos congresos que se celebran en Galicia. Nun congreso necesítanse alomenos dúas persoas para cada combinación lingüística: neste caso, dúas para galego-francés/francés-galego, dúas para castelán-francés/francés-castelán e dúas para galego-castelán/castelán-galego de se considerar necesaria esta opción. Creo que xa vai sendo hora de que algúns se dean conta de que o galego é unha lingua de pleno dereito e á que teñen a obriga e o deber moral de ter en conta á hora de contratar unha interpretación ou calquera outro servizo lingüístico. Ademais, quero reivindicar o papel activo que témo-los tradutores no proceso de normalización da nosa lingua e deixar

claro que PODEMOS E DEBEMOS NEGARNOS a realizar este tipo de servizos extraordinarios, forzando así ós clientes a contratar intérpretes de galego.

Ana Vidal Castiñeiras

## Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento

Organizado polo Instituto da Lingua Galega (ILG), a Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e mais a Real Academia Galega (RAG), este congreso reuniu en Compostela unha pléiade de especialistas na materia de talla internacional, como Enzo Caffarelli, Ivo Castro, Ramón Lorenzo, Jürgen Untermann ou Dieter Kremer, para realizar un achegamento poliédrico ós problemas diversos ós que se enfrenta esta parte do noso patrimonio cultural. Cómpre destaca-la altísima participación acadada, con máis de cen asistentes e medio cento de comunicacións presentadas en grande parte por investigadores noveis.

O congreso dividiuse en cinco seccións: *Toponimia*, *Antroponimia*, *Os outros nomes* (edificios, vehículos, animais...), *Onomástica literaria* (que inclúe a análise da tradución dos nomes literarios) e *Padre Sarmiento, onomástico*. Paradoxalmente esta última foi a que menos atención recibiu malia a dedicárselle a el o congreso. Como era esperable, as dúas primeiras seccións foron as que máis atención recibiron. En “Os outros nomes” cabe destaca-la presenza de intervencións centradas nas vacas e mais nos barcos.

Así mesmo, celebráronse tres mesas redondas: “As academias e a toponimia das autoonomías históricas”, onde se reflexionou tanto sobre a toponimia propia como sobre a tensión adaptación/respecto no que atinxe á exonimia; “Tendencias actuais da antroponimia persoal en territorios hispánicos (galego, catalán, vasco e portugués)” e “Situación onomástica da Gallaecia”, na

que se discutiu encol da problemática propia do estudio da onomástica antiga do noroeste hispánico. Alén disto, fíxose unha exhaustiva presentación do proxecto “Toponimia de Galicia”, que pretende compilar e sistematizar toda a microtoponimia do país.

As tres xornadas de traballo e debate callaron nunhas conclusións que foron lidas durante a sesión de clausura por Antón Santamarina, director do ILG e membro da RAG e de AGOn, diante dos congresistas pero coa ausencia absoluta dos medios de comunicación. Nelas puxo de relevo o perigo que corre o noso patrimonio onomástico en xeral e toponímico en particular, así como a escasa sensibilidade que a sociedade demostra pola súa conservación. Tras facerse cargo da delicada situación, fai un dobre chamamento ás autoridades:

- no relativo á toponimia: que atendan á catalogación deste legado inmaterial e que velen polo cumprimento da lexislación vixente, especialmente coidando de que os novos asentamentos de poboación ou vías urbanas respecten no posible as denominacións tradicionais dos lugares, procurando que as rotulacións se cingan ás formas oficiais e evitando toda deturpación da toponimia en calquera publicación, sobre todo nas dirixidas ó ensino.

- no relativo á antroponimia: que, alén de non empece-la restauración dos nomes e apelidos con trámites burocráticos innecesarios, se convertan en axentes activos na promoción e restauración da nosa onomástica persoal e familiar.



# V Simpósio Internacional de Línguas Europeas i Legislações (Miranda do Douro, 25-28 de abril de 2002)

O complexo xogo de poderes das sociedades actuais é, sen lugar a dúbidas, un dos principais desencadeantes das desigualdades que hoxe en día existen entre as diferentes linguas.

É precisamente nestas situacións de desigualdade, caldo de cultivo de todo conflito, onde cómpren lexislacións competentes que garantan a diversidade cultural e lingüística, dereito fundamental do ser humano.

O V Simpósio Anternacional de Línguas Europeas i Legislações converteuse, como xa vén sendo habitual, en cita obrigada para xuristas, lingüistas e estudiosos en xeral das linguas minorizadas.

O simposio, que se desenvolveu nesta súa quinta edición en Miranda do Douro (Portugal), estivo organizado polo CIEMEN-Mercator: dret i legislaçió lingüística, a Comisson Anstaladora del Anstituto de Lhêngua Mirandesa e a Associaçon de Lhêngua Mirandesa.

Así, durante catro días Miranda do Douro converteuse en foro de debate para un bo número de estudiosos que orientaron os seus relatorios arredor dun eixo temático común: os enclaves da Unión Europea, problemas de dereito e lexislación. Cómpre subliñar que, malia o carácter específico do tema do simposio, o enfoque da maior parte das intervencións foi sociolingüístico, no sentido amplo da palabra, constatándose unha vez máis a

necesidade da perspectiva sociolingüística á hora de analizar calquera problemática que atinxa ás linguas minorizadas.

Deste xeito, ó longo das diferentes sesións fóronse alternando conferencias, de carácter máis ben teórico, con comunicacións nas que se presentaba unha panorámica xeral dos diferentes enclaves lingüísticos. Durante as primeiras analizáronse cuestións coma o concepto de enclave lingüístico, a cargo de M. Carme Junyent, a clasificación dos modelos lexislativos de protección das linguas minorizadas, a cargo de Jaume Vernet, ou mesmo propostas concretas de codificación lingüística, a cargo de Xavier Lamuela. Ó tempo, como xa dixemos, diferentes estudiosos tiveron a oportunidade de amosarlles a todos os asistentes as realidades sociolingüísticas do mirandés, o aranés, a fala, o asturiano, o gaélico escocés, o albanés, o frisón ou mesmo o catalán. Aínda que se debateu amplamente, sen chegar a acordo nalgúns casos, se algunhas destas linguas representaban ou non un enclave lingüístico (o caso do mirandés, o aranés e o asturiano foron quizais os máis polémicos), todos os participantes concordaron na idea de que as lexislacións lingüísticas son á fin ferramentas decisivas no pleno desenvolvemento de calquera idioma.

O congreso pechouse finalmente con dúas mesas redondas. Nunha delas os representantes das diferentes linguas que


xa foran obxecto de estudio ó longo das sesións anteriores realizaron unha detallada exposición dos recursos informáticos e didácticos con que estas contan.

Por outra parte, como cabía esperar, a organización considerou que o estudio da situación sociolingüística do mirandés merecía unha especial atención e a este tema dedicouse a segunda destas mesas redondas.

Os representantes da lingua mirandesa, que ó longo das sesións anteriores tomaran boa nota doutras experiencias afíns, aproveitaron agora a súa quenda para presentar internacionalmente a súa lingua e facer pública a adhesión desta ó Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues. Así, desde a satisfacción que outorgan os grandes logros, como foi o recoñecemento en 1999 do mirandés como lingua oficial de Portugal, ó lado do portugués, diferentes lingüistas, pedagogos ou mesmo xuristas foron debullando o pasado e o presente do mirandés. O futuro... como para todos, bastante incerto.

En conclusión, unha interesante iniciativa que nos permitiu a uns aprender da experiencia dos outros e a todos establecer liñas de diálogo e colaboración fronte a unha loita que, por dispaes que sexan as circunstancias nas que se desenvolva, non deixa de ser común.

Rosario Pérez Magdalena



## Curso de Iniciación ás Actividades dos Servizos de Normalización

A CTNL desenvolverá o Curso de Iniciación ás Actividades dos Servizos de Normalización; durante os vindeiros 15 e 16 de novembro de 2002, consonte cos cursos de formación que acordamos organizar na nosa última asemblea xeral.

Este curso quere ser unha achega inicial para as persoas con pouca ou ningunha experiencia no traballo da normalización e do mundo dos servizos lingüísticos. Pretende ofrecerlles aos técnicos de normalización a perspectiva real das actividades que poden desenvolver como axentes normalizadores, para que dispoñan dos primeiros coñecementos necesarios para afrontar cun mínimo de garantías a realidade na que van traballar. Para orientar os primeiros pasos dentro do mundo da normalización, o curso busca dar unha formación que cubra e fomente a capacidade operativa desde o momento que os novos traballadores entran a formar parte dun servizo de normalización lingüística.

Daranse orientacións para a súa organización, estratexias, secuencialización das actividades, temporalización, avaliación, etc.

Os contidos artellaranse á volta dos seguintes puntos:

### Curso de Iniciación ás Actividades dos Servizos de Normalización

#### Programa (16 horas)

1. Recursos cos que pode e debería contar un SL (tanto recursos internos, do propio servizo, coma os externos, dos que pode botar man nun momento dado)
2. Algunhas propostas de actuacións de dinamización para a normalización da lingua.
3. O servizo lingüístico dentro dun organigrama.
4. O regulamento de uso da lingua
5. Que é e como se elabora un plan de normalización lingüística

6. A formación desde un SL: detección de necesidades, planificación de contidos, avaliación de resultados.

#### Profesores:

Joaquim Vázquez Rodríguez, Técnico en Normalización Lingüística no Concello de Melide.

Manuel Núñez Singala, Técnico en Normalización Lingüística da USC.

Marta Souto González, Técnica en Normalización Lingüística no Concello de Vigo.

Valentín García Gómez, Técnico en Normalización Lingüística no Concello da Estrada.

**Lugar:** venres todo o día e sábado pola mañá na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela e sábado pola tarde no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo.

**Días:** 15 e 16 de novembro de 2002.

**Horario:** de 10 a 14:30 horas e de 16:00 a 19:30 horas.

**Prazo de inscrición:** do 28 de outubro ao 8 de novembro de 2002 (incluídos)

#### Cotas:

Socios/as: 20 euros

Bolseiros/as, estudantes e parados/as: 30 euros

Outros/as: 90 euros

**Inscricións:** Cómpre enviar o boletín de inscrición debidamente cuberto xunto co xustificante de ter ingresado a matrícula na conta de Caixa Galicia número 2091-0377-74-3040004060 (indicando no ingreso o nome e "Curso de Iniciación ás Actividades dos Servizos de Normalización"), e o comprobante da condición de parado, bolseiro ou estudante a: CTNL, Apartado 771, Santiago de Compostela.

## FOLLA DE INSCRICIÓN

### Curso de Iniciación ás Actividades dos Servizos de Normalización

NOME E APELIDOS.....

DNI.....

ENDERZO POSTAL.....

ENDERZO ELECTRÓNICO.....

TELÉFONO/S DE CONTACTO...../...../.....

¿Traballaches ou traballas nalgún servizo lingüístico?.....¿En cal?.....

¿Asistiches agunha vez a un curso da CTNL?.....¿A cal/es?.....

#### TIPO DE INSCRICIÓN

■ Socios/os: 20 euros

■ Bolseiros/as, estudantes e parados/as: 30 euros

■ Outros/as: 90 euros

Non ingreses o diñeiro ata recibires indicación de estares admitida/o.

Para máis información info@ctnl.org ou 629571950/ 620961865

# Comunicados aos socios

## Parabéns a todos/as

O noso boletín, que entre outras cousas ten como fin achegar a todo o país aquelas actividades, publicacións, convocatorias e comentarios sobre cuestións que poden ser interesantes para o noso traballo diario ven de cumprir seis anos. Desde a actual directiva damos os parabéns a todas vosoutros e a todos vosoutros que dun xeito ou doutro fixéchedes posíbel que estas folliñas contiñan saíndo á rúa.

Solicitamos que día a día teñades presente que o boletín segue precisando das vosas colaboracións para achegar ao resto de compañeiras e compañeiros as novidades, actividades e dinámicas da organización na que traballades.

Agardamos as vosas novas para os diferentes apartados e sabede que tamén podeades enviar recesións sobre publicacións aproveitábeis para o noso traballo, comentarios sobre cursos aos que asistíchedes... en fin, todo aquilo que poida servir para dinamizar outros servizos.

Tamén podeades colaborar no noso sitio web, canle de comunicación máis noviña.

Ata o de agora tentabamos dar desde esta ferramenta aquelas novidades que podían chegar un pouco tarde ao boletín, ti tamén podeades colaborar aquí: envía os teus comentarios sobre cousas que pensas que debemos mellorar; a través da sección "Novas" podeades mostrar as actividades da túa institución; envía enlaces que botas de menos na sección de "Ligazóns", apúntate a algunha das comisións programadas (neste momento só funciona a de cursos) ou suxire a creación doutras novas, envía artigos que consideres importantes para a nosa biblioteca...

Se tes interese en participar ou consideras que tes moito que dicir para axudar na mellora do funcionamento da coordinadora, corre cara ao lugar máis preto onde poidas conectarte a internet, escribenos á nosa caixa de correos ou chámanos ao teléfono 620 961 865

¡AGARDAMOS A TÚA COLABORACIÓN!

## Ponte ao día

Desde a CTNL estamos actualizando a nosa base de datos onde prestamos especial atención á actualización do correo electrónico e ao pagamento das cotas.

No caso do correo electrónico por considerarmos que é un xeito de comunicación rápido e barato; de teres correo electrónico e usalo habitualmente envíanos un correo a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) e informámoste puntualmente das nosas actividades e doutras interesantes para a actividade diaria do noso traballo.

No caso do pagamento das cotas, por supor unha porcentaxe alta no financiamento dos cursos de formación que ofertamos cada ano. Apelamos á vosa boa vontade para que actualicedes os vosos datos bancarios e de non terdes domiciliada a conta non esquezades facer efectivas as cotas anuais. No caso de dúbida con respecto a este último punto poñédevos en contacto co tesourero da CTNL por teléfono 670 731 548 ou correo electrónico [xose.otero@ctnl.org](mailto:xose.otero@ctnl.org).

## Casos prácticos sobre lexislación lingüística

No ano 1988 a Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua organizou un curso sobre *Lexislación lingüística de Galicia: análise práctica* que fora impartido por Xabier Ferreira, Alba Nogueira e Anxo Tato.

Daquí a pouco tempo imos ter un libro con novos casos prácticos onde estes profesores resolverán as dúbidas e os problemas que sobre esta materia poidan xurdir na nosa vida diaria e laboral. Para isto é preciso que enviades ao enderezo da CTNL

[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

ou ao de Alba Nogueira

[dtalbanl@usc.es](mailto:dtalbanl@usc.es)

todos aqueles atrancos, dúbidas... que se vos presenten no noso traballo diario.

## Formación continua / Coordinación / Información / Aproveitamento de recursos

# ENREDAMOS A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUN PAÍS



### CADA DÍA SOMOS MÁIS

(envía este cuestionario e faite socio)

NOME

APELIDOS

TELÉFONO

FAX

ENDEREZO ELECTRÓNICO (Indica se é persoal ou de traballo)

CP - LOCALIDADE

SITUACIÓN PROFESIONAL

DON / DONA

CON DOI  ROGO QUE CON CARGO A MIÑA CONTA

SE ATENDAN AS CONTAS QUE ME SEXAN XIRADAS POLA COORDINADORA DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA.

E PARA QUE ASÍ CONSTE ASINO ESTA CERTIFICACIÓN O  DE  DE 20

### O NOSO SITIO NA REDE

- A CTNL e a súa historia
- Cursos de Formación-Documentación
- O noso boletín Novas CTNL
- Recursos lingüísticos na rede – Ligazóns
- Servizos lingüísticos
- Textos, artigos, relatorios...
- Bibliografía
- Noticias e novidades do galego
- Colabora connosco
- Opina

### A CTNL "cotenol"

- Cursos de formación específicos, centrados no labor dos técnicos e persoas interesadas na sociolingüística galega.
- Propostas de coordinación e organización para a racionalización dos recursos da administración pública.
- Coordinación e divulgación do labor dos traballadores dos SNL/SL.
- Información das cuestións de interese para os SNL/SL (cursos, publicacións, liñas de apoio, programas).
- Favorecer a creación de novos servizos e a profesionalización dos existentes.
- Promover a dignificación do labor dos normalizadores lingüísticos e conseguir un status adecuado para os SNL/SL.
- Publicar ou fomentar a publicación de materiais de interese para o sector e animar a investigar arredor das nosas demandas.

<http://www.ctnl.org>

[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

